



INSTITUTO GALEGO DE  
**ESTADÍSTICA**

# **PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN 2018**

## **INFORME**

Aprobado polo Consello Reitor do IGE, en cumprimento da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia



O Plan anual de actuación do IGE 2018, aprobado por Orde da Consellería de Facenda, do 29 de decembro de 2017, contempla 18 actuacións que se suman, como soporte e complemento, ás do Decreto 131/2017, do 21 de decembro, no que se regula o Programa estatístico do mesmo ano.

**1. Recollida de coordenadas xeográficas das unidades estatísticas**

- Realizada

**2. Recompilación de datos de emprego non dispoñibles no directorio de empresas**

- Realizada.

**3. Participación en congresos e xornadas**

- a) Relatorios presentados e outras actuacións en congresos, cursos, seminarios e xornadas
- Actualización do léxico matemático do dicionario da RAG. Real Academia Galega. A Coruña. Marzo 2018. Acto de presentación.
  - Seminario "Unha revisión das achegas de José Manuel Prada Sánchez á estatística e á investigación operativa". Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO). Santiago de Compostela. Abril 2018.
  - Xornadas sobre riscos emerxentes en seguridade alimentaria. Rede Galega de Riscos en Seguridade Alimentaria (RISEGAL). Maio 2018. Vigo. Presentouse o relatorio "Sociodemografía da poboación en Galicia".
  - XXXVII Congreso nacional de estatística e investigación operativa e XI Xornadas de estatística pública. Sociedade de Estatística e Investigación Operativa (SEIO) e Universidade de Oviedo. Maio-xuño 2018. Presentouse o relatorio "Selection of small area estimators".
  - Xornadas informativas sobre o Máster interuniversitario en técnicas estatísticas. Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. Santiago de Compostela. Xuño 2018. Presentouse o plan de formación "Estudo da calidade da información estatística difundida polo IGE, empregando técnicas de Big Data e Machine Learning".
  - III Encontro luso-galaico de biometría. Sociedade Portuguesa de Estatística e SGAPEIO. Aveiro. Xuño 2018. Moderouse unha sesión sobre estatística multivariante e presentáronse dous relatorios: "Análise exploratoria da distribución espacial dos centenarios de Galicia" e "Distribución espacio-temporal da mortalidade por infarto agudo de miocardio en Galicia".
  - XX Xornadas estatísticas das CC.AA. Logroño. Outubro 2018. Presentáronse seis traballos: "Os intercambios comerciais entre Galicia e o resto do Estado español. Unha visión a través do sistema de contas", "O reto do control da calidade da información estatística difundida mediante técnicas de Big Data", "Posición cíclica da economía galega", "Visualización da información estatística utilizando R-Shiny e R-Markdown", "Táboas multidimensionais en R" e "Delimitación rexional dos sectores institucionais e estimación das súas contas correntes".
  - V Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística. SGAPEIO e Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA). Santiago de Compostela. Outubro 2018. Organizouse un obradoiro sobre presentación de datos estatísticos e gráficos.
  - V Xornada de usuarios de R en Galicia. Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (CIXUG). Santiago de Compostela. Outubro 2018. Presentouse o relatorio "Visualización da información estatística utilizando R-Shiny e R-Markdown".
  - A carga de poboación estacional dos concellos galegos. INFORMEST. Boletín da SGAPEIO. Novembro 2018. Número 50.
  - Máster universitario en xestión e dirección laboral. USC. Santiago de Compostela. Novembro 2018. O IGE participou impartindo a materia "Información estatística sobre o mercado laboral".

- b) Congresos, cursos, seminarios e xornadas aos que asistiu persoal do IGE
- Xornada: The science of where en Galicia. Instituto de Estudos do Territorio (IET). Santiago de Compostela. Xaneiro 2018.
  - Por unha alianza no sector industrial galego: 50 propostas. Consello económico e Social de Galicia. Santiago de Compostela. Febreiro 2018.
  - Tramitación electrónica dos procedementos abertos supersimplificados (PASS). Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC). Santiago de Compostela. Marzo 2018.
  - Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050. II Mesa sectorial de mobilidade e transporte. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Marzo 2018.
  - Galicia: pasado, presente e futuro desde a perspectiva das operacións demográficas do INE. Universidade da Coruña. A Coruña. Abril 2018.
  - Xornada de presentación de software con licenza libre para uso científico. Asociación MeLiSA, AMTEGA e Universidade de Santiago. Santiago de Compostela. Abril 2018.
  - Tres anos do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Abril 2018.
  - Seminario sobre xestión de proxectos POCTEP. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Maio 2018.
  - Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Maio 2018.
  - Introducción á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679 de protección de datos. EGAP. Santiago de Compostela. Maio-xuño 2018.
  - Curso sobre planificación estratéxica como método de xestión pública. EGAP. Santiago de Compostela. Setembro 2018.
  - Certificado dixital. EGAP. Santiago de Compostela. Setembro-outubro 2018.
  - Introducción ao segredo estatístico: lexislación e principais técnicas de protección na difusión de datos. INE. Setembro-outubro 2018.
  - II Xornadas sobre información demográfica. O futuro das estatísticas demográficas do INE e o Censo de poboación 2021. INE, Asociación de Demografía Histórica (ADEH), CSIC e INE. Madrid. Outubro 2018.
  - A cadea Forestal-Madeira de Galicia 2017. Universidade de Vigo, Xunta de Galicia. Axencia de Industria Forestal. Pontevedra. Outubro 2018.
  - Implantación da nova normativa de protección de datos na Xunta de Galicia. EGAP. Santiago de Compostela. Outubro-novembro 2018.
  - Seminario sobre a enquisa de competencias financeiras. Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia. Grupo de Análise e e Modelización Económica ( IDEGA-GAME). Santiago de Compostela. Novembro 2018.
  - Xornada de formación sobre Xestión de procedementos de modificación orzamentaria (CODEX). CIXTEC. Santiago de Compostela. Novembro 2018.
  - Seminario sobre Big Data e turismo: análise espazo-temporal da pegada dixital dos turistas. Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia-Grupo de Análise e e Modelización Económica (IDEGA-GAME). Santiago de Compostela. Novembro 2018.
  - Xornada para que serven os datos lingüísticos?. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela. Novembro 2018.
  - Tramitación electrónica dos procedementos abertos, negociados, restrinxidos e contratos menores a través do Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX). CIXTEC. Santiago de Compostela. Novembro 2018.

**4. Xestión de fondos da biblioteca do IGE**

- Realizada

**5. Cursos impartidos na EGAP**

- Aproveitamento da información estatística dispoñible no IGE. Introducción ao software libre R. Maio-xuño 2018

**6. Colaboración coa SGAPEIO no VIII Concurso incubadora de sondaxes e experimentos**

- Realizada

**7. Participación do IGE na XII Feira matemática da AGAPEMA**

- Realizada

**8. Prácticas de alumnos das universidades galegas**

O IGE tiña asinados seis convenios coas universidades para prácticas de alumnos:

- Facultade de Matemáticas da USC
- Máster universitario en técnicas estatísticas. UDC, UDV e USC
- Máster oficial en desenvolvemento económico e innovación. USC
- Programa de doutoramento en xestión sustentable da terra e do territorio. USC
- Facultade de Filoloxía e Tradución. UDV
- Grao en xeografía e ordenación do territorio e máster universitario en planificación e xestión do desenvolvemento territorial. USC

Na súa aplicación realizaron prácticas no IGE no 2018 catro alumnos sobre:

- Éxodo da poboación moza das zonas rurais de Galicia: factores económicos e sociolóxicos no mundo postglobal
- Ampliación do vocabulario estatístico difundido na web do IGE (castelán, galego e inglés) e revisión do galego dos proxectos técnicos
- Análise dos erros non mostrais na enquisa estrutural a fogares
- Selección de modelos para a estimación en áreas pequenas- Aplicación a datos económicos de Galicia

**9. Xornadas de portas abertas**

No 2018 visitan o IGE alumnos dos seguintes centros de ensino:

- CPR San José
- IES Isidro Parga Pondal
- CPI As Revoltas
- IES Rosalía de Castro
- Facultade de Ciencias da Educación
- Colexio Calasanz Escolapios
- IES do Milladoiro
- Colexio La Salle
- IES Rosalía de Castro
- Colexio Abrente
- IES San Mamede
- CPI Cernadas de Castro

**10. Apoio á ATRIGA na valoración de bens inmobles**

- Realizada

**11. Axencias de Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas**

- Realizada

**12. Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia**

- Realizada

- 13. Informe sobre a posición cíclica da economía galega**
  - Realizada
- 14. Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma**
  - Realizada
- 15. Informe económico-financieiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma**
  - Realizada
- 16. Informe para a AIReF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma**
  - Realizada
- 17. Participación no grupo de traballo da AIReF sobre elaboración de metodoloxía para cadros macroeconómicos rexionais**
  - Realizada
- 18. Oposicións á escala superior de estatística**
  - Elaborouse coa Dirección Xeral de Función Pública o proxecto de orde de convocatoria, que incluía unha revisión do programa da parte específica. No DOG nº 80, do 26 de abril de 2019, publicouse a Orde do 22 de abril de 2019 pola que se convoca o proceso selectivo.

## Anexo I

### Normativa

- ▶ Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- ▶ Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística
- ▶ Orde da Consellería de Facenda, do 28 de decembro de 2016 pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2017
- ▶ Orde da Consellería de Facenda, do 29 de decembro de 2017 pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2018
- ▶ Orde da Consellería de Facenda, do 27 de decembro de 2018 pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2019

## Anexo II

### **Orde da Consellería de Facenda, do 29 de decembro de 2017, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2018**

O Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística (IGE), desenvolve as previsións da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA), en coherencia coa Lei 9/1988 de estatística de Galicia (LEG) e co resto da normativa específica da Comunidade Autónoma na materia.

Segundo se ordena na LOFAXGA, os organismos autónomos desenvolverán a súa actividade consonte un Plan anual de actuación, que será aprobado por orde da consellería de adscrición. En aplicación da LEG e do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o IGE está adscrito á Consellería de Facenda.

As tarefas encomendadas ao IGE no Plan anual de actuación sumaranse ás que se lle asignen no decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma, tal e como se prevé no artigo 9 da LEG e no capítulo II do título I da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021.

O Consello Galego de Estatística, creado no artigo 45 da LEG como órgano superior consultivo da actividade estatística, e o Consello Reitor, previsto no artigo 63 da LOFAXGA como órgano superior de goberno do IGE, aprobarán os resultados da actividade anual do IGE, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais.

En canto aos recursos asignados para conseguir os obxectivos previstos, correspóndelle ao Consello Reitor aprobar o anteproxecto de orzamentos e a proposta de relación de postos de traballo do IGE.

Con base en todo o anterior,

DISPOÑO:

Artigo 1 *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto aprobar o Plan anual de actuación do Instituto Galego de Estatística para 2018.

Artigo 2. *Contido*

O IGE, como soporte e complemento das actuacións que se lle encomenden no Programa estatístico anual, realizará no 2018 as seguintes:

1. Coordinación do sistema estatístico galego
  - Recollida de coordenadas xeográficas das unidades estatísticas
  - Recompilación de datos de emprego non dispoñibles no directorio de empresas e unidades locais para os establecementos dependentes da administración autonómica
2. Difusión, comunicación e atención aos usuarios
  - Participación en congresos e xornadas
  - Xestión de fondos da biblioteca do IGE
3. Cursos, seminarios e outras actividades formativas e divulgativas
  - Cursos impartidos na Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
  - Colaboración coa Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) no VIII Concurso incubadora de sondaxes e experimentos
  - Participación do IGE na XII Feira matemática da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA)
  - Prácticas de alumnos das universidades galegas
  - Xornadas de portas abertas
4. Outras actividades
  - Apoio á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) na valoración de bens inmobles para a orde de valoración de bens dalgúns tributos
  - Axencias de Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas
  - Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia
  - Informe sobre a posición cíclica da economía galega
  - Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
  - Informe económico-financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
  - Informe para a AIREF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
  - Participación no grupo de traballo da AIREF sobre elaboración de metodoloxía para a obtención de cadros macroeconómicos rexionais
  - Oposicións á escala superior de estatística

#### Artigo 3. Recursos orzamentarios

Para realizar as actuacións deste plan e as que se lle encomenden no programa estatístico do mesmo ano, o IGE contará cos recursos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

#### Artigo 4. Recursos persoais

En desenvolvemento da estrutura organizativa do IGE, regulada na sección III do capítulo II do Anexo do seu Estatuto, os postos de traballo do IGE son os previstos na súa relación de postos de traballo, publicada como Resolución do 12 de maio de 2017 (DOG nº 97, do 23 de maio).

Disposición derradeira única. *Efectos*

A presente orde terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2018.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Valeriano Martínez García

Conselleiro de Facenda